

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Expediente: LU-11/117-EOL

Denominación do proxecto: Parque eólico San Cristovo

Promotor: Enel Green Power España, SL

Asunto: Solicitud de informe técnico

Clave: DXDM 2022/0161

ANTECEDENTES

O 24/10/2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, un informe sobre o Estudio de Impacto Ambiental do "PARQUE EÓLICO SAN CRISTOVO", situado nos concellos de Monterroso e Taboada na provincia de Lugo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tras consulta da información achegada obsérvase que a escasos 290 metros da cámara de vixilancia do SPIF (cámara 26, Taboada) ubicarase o aeroxerador 3 do parque eólico San Cristovo. E se ben non se prevén posibles afeccións que puideran impedir o correcto funcionamento das actividades de prevención ou posible extinción de incendios a executar, durante a execución das obras deberá velarse porque as infraestruturas forestais estean en todo momento operativas, transitables e libres de obstáculos, e de verse afectadas repoñelas o antes posible.

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....

Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no seu artigo 59. Cambio de uso forestal establece que:

"1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.

2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicitase unha reversión a usos anteriores non forestais.

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas de mantemento permanente da operatividade das infraestruturas forestais afectadas (pistas, devasas, depósitos contra incendios forestais,...), infórmase FAVORABLEMENTE a realización do PARQUE EÓLICO SAN CRISTOVO, situado nos concellos de Monterroso e Taboada na provincia de Lugo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

